

MESA SECTORIAL (04.05.2026)

OPES

ESCALAS TÉCNICA/AUXILIAR CONDUCCIÓN (C1/C2)
ESCALAS TÉCNICA/AUXILIAR MANTEMENTO (C1/C2)

ASUNTOS VARIOS

A DXEPAP presentou un resumo das distintas convocatorias de OPE. Cómpre lembrar que no anterior Informa T UGT xa difundira os borradores. Tras as alegacións presentadas polas organizacións sindicais, a Administración limitouse a ampliar o prazo ata o mércores ás 10:00 h, nun movemento claramente formal. todo indica que pasarán á **Comisión de Persoal para a súa aprobación co voto da Administración**.

UGT manifesta o mesmo que en anteriores borradores de convocatoria de OPE pechados a negociación, reiterando críticas xa formuladas en convocatorias anteriores:

- + **Rexeitamento** ao sistema de oposición, defendendo o acceso por concurso-oposición.
- + **Denuncia da escasa promoción interna**, cunha porcentaxe ridícula que bloquea a carreira profesional do persoal.
- + **Esixencia de promoción interna separada**
- + **Reclamación da apertura xa da negociación do Acordo Marco Estatal 2025-2028**, no relativo a **acceso** ao emprego público, **promoción interna** efectiva, e **mobilidade** aberta e permanente.

A DXEPAP considera que:

- **Adecuado prazo de 6 meses** primeiro exercicio, sempre cumpren, ampliar prazo é incoherente coa demanda de axilización das OPEs.
- As **probos prácticas** tentarán sexan **obxectivas** e que os **tribunais** publiquen **critérios**
- **Proceso selectivo por oposición xa que é moi recente** o acceso por **concurso** de estabilización.
- **Os concursos se convocaran simultáneos a cada OPE con toma de posesión coordinada**.

Pódese concluír que **queren dar oportunidade a quen non ten servizos ou outros méritos, relegan a promoción interna a mínimos, e haberá concurso si hai OPE. Verdadeiramente é desmotivador.**

VARIOS

- ❖ **GAIN** dado que superaron OPE GAIN e tamén en Xunta nalgúns casos, a elección será coordinada.
- ❖ **Veterinarios** dúas tomas de posesión por sentenza en praza equivalente en nivel e localidade a que lle correspondería seguindo a orde de aprobados.
- ❖ **CORPOS XERAIS** reunión cos sindicatos da comisión de persoal pendente sobre criterios elección destino corpos xerais o vindeiro **luns 11 de maio**.